

O teatro para a mocidade que todos queríamos

Inma López Silva

Os xestores culturais, os críticos, os programadores e os actores e actrices das compañías adoitamos dicir que os rapaces levan os seus pais ao teatro. Non é ao revés. Por regra xeral, os pais e as nais prefiren ir de bares cos amigos, viaxar a lugares que xa viron, facer unha visita aos avós, pasear pola cidade. Calquera cousa, menos meterse nun teatro. E iso, a pesar de que aqueles que algunha vez foron ver un espectáculo, quedaron irremediabelmente enganchados da maxia hipótica do teatro. Mesmo cando é francamente infumábel. Outra opción é que os fillos se empecinasen algún día en ir ao teatro: “Mamá, quero ir aos títeres. Mamá lévame á sala Yago que nos levaron o outro día na escola e podemos ir pola nosa conta. Papá, no CDG hai teatro infantil. Mamá, mamá, papá, papá”. E nese caso, fartos de oír as voces agudas dos críos berrando nos oídos, os pais agarran os nenos nunha mañá chuviosa de sábado ou nunha tarde fría (conxelada) de domingo, e alá marchan á Yago, ao Salón Teatro, á Ensalle ou á Nasa, á Casa da Cultura ou mesmo ao polideportivo, ou alí onde sexa que na súa vila poñen ese teatro que os nenos queren ver porque viron un anuncio na escola. Horas despois, para a súa sorpresa, tamén os pais desfrutaron dos títeres, ou do teatro, ou do espectáculo de maxia, do circo, incluso, e decidiron que non era tan malo iso do teatro aínda que dea traballo e preguiza ir, que as entradas tampouco son tan caras, que é unha ocasión fantástica para regalárense unha noite de soidade en parella, sen nenos, sen tropezar con xoguetes pola casa adiante, lembrando aqueles días felices da mocidade que xa esqueceran, cando saían do instituto cunha entrada na man para ir ao teatro esa noite e, despois, se daban bicos onda unha farola da rúa, preto da casa del.

As veces, comezar por aí, por repartir entradas no instituto, por poñerse de acordo cos mestres para ensinar outras cousas a partir do teatro, é o camiño para encetar un hábito sempre recuperábel, malia as preguizas, as circunstancias, a vida que sempre nos ausenta dos teatros. Só así o teatro galego daría un paso que é importante: da necesidade de *conquistar* o público pasaríamos á posibilidade de *recuperar* espectadores que, simplemente, foron quedando no camiño das circunstancias. O teatro para a mocidade, neste sentido, é esencial. A cabalo entre o teatro para adultos e un teatro de características ben definidas como é o teatro para nenos, os espectáculos pensados, elaborados e orientados para a xente moza, xeran a posibilidade de crear públicos que sosteñan o teatro galego nun futuro a medio prazo, públicos que teñen inquedanzas especiais nunha sociedade que a miúdo os exclúe nos espazos para o lecer colectivo. Este teatro constitúe unha vía inesgotábel de integración e de atención a un sector fundamental no nivel cultural, no político, no social. Os mozos e mozas de Galicia serán os traballadores, os escritores, os ideólogos, os votantes do futuro. A xente moza é hoxe un colectivo social cunha serie de problemas específicos que poden ser tratados desde o teatro (ollos, non se precisan fábulas moralistas, como demostrou, por exemplo, Luma Gómez co espectáculo *Confesión*, de Teatro do Noroeste, ou o exitosísimo *Bicos con lingua*, de Talía) e, sobre todo, os mozos e mozas son excepcionais consumidores de tempo libre, lecer e diversión. Porque o teatro é, ante todo, unha forma de lecer desde a que aprender valores de cidadanía. E porque, a fin de contas, de alguén e con alguén terán que vivir no futuro as nosas compañías, salas e outras xentes do teatro.